




| | | |
|---|---------------------------|--|
| Área / Unidad EDUCACION ED0000 AJP | Documento 23618I006T | |
| Código de verificación  6K6T 0972 5R6L 2C1U 1C5N | Expediente 236/2023/45 | |
| | Fecha 24-01-2024 | |

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES EN F.P. ESPECÍFICA PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO A COREUROPA XII

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría responsable da Área de Benestar Social da, que depende o Servizo de Educación, convoca o programa BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO A COREUROPA XII, Proxecto de Mobilidade Erasmus+, realizado no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente, segundo o convenio co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación -SEPIE- do Ministerio de Educación (código de proxecto nº 2023-1-ES01-KA131-HED-000121165).

A convocatoria rexerese pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada o 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40) e no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolven estas normas. Resultará tamén de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

1. OBXECTO

O obxecto destas bases é convocar unhas axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas tituladas nos ciclos formativos de grao superior que se indican na base quinta, para participar no programa Bolsas Europa FP-Proxecto A COREUROPA XII, incluído no programa Erasmus+, co código de proxecto nº 2023-1-ES01-KA131-HED-000121165.

A estes efectos convócanse un máximo de 11 bolsas destinadas ao fin sinalado.

2. DESCRICIÓN

O **obxectivo** deste programa é promover a aprendizaxe e a formación profesional de mozas e mozos en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura doutros países, mediante a concesión de bolsas para a realización de prácticas formativas de tres meses en empresas de diversos países de Europa: Malta, Italia, Portugal, República Checa, Polonia ou Austria.

A **duración** das prácticas formativas será de 90 días. A estada comezará e terminará un día antes e outro despois das prácticas.

O **calendario** será de setembro a decembro de 2024 e, excepcionalmente, no caso de posibles modificacións do calendario por causas sobrevidas ou a incorporación de novas persoas seleccionadas para cubrir posibles baixas, de marzo a xuño de 2025.

O programa, na súa primeira convocatoria, oferta **11 bolsas, cos seguintes destinos:**



Concello da Coruña

- bolsas en inglés en Malta (Gzira)
- bolsas en inglés en República Checa (Praga)
- bolsas en italiano en Italia (Padua ou Florencia)
- bolsas en portugués en Portugal (Lisboa)
- bolsas en inglés o en alemán en Austria (Viena)
- bolsas en inglés en Polonia (Cracovia)

O Servizo Municipal de Educación (en diante, SME) será o que determine a súa distribución ou o cambio de países de destino en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico, nos destinos elixidos como preferentes polas persoas solicitantes.

O programa inclúe os seguintes **servizos** para cada participante:

- a) As viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña ata a poboación de destino.
- b) O aloxamento no país correspondente durante o período da estada.
- c) Unha axuda económica para financiar a manutención durante a estada: "Cartos de peto" por un importe máximo de 1.500,00 € .
- d) Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.
- e) Contrato de formación non laboral nunha empresa do país correspondente durante un período de 90 días.
- f) Titorización da estada e das prácticas formativas por persoal especializado, tanto da empresa coma da organización intermediaria no país de destino.
- g) A organización, como mínimo, de dúas xornadas informativas de preparación específica para as persoas participantes no programa.
- h) Preparación lingüística, con acceso a un curso en liña nos idiomas dos países de destino, a través da plataforma "OLS" da EU.
- i) Tramitación da documentación diante do SEPIE e do Europass.

3. FINANCIAMENTO

As persoas participantes no programa recibirán, en concepto de bolsa, unha axuda económica destinada a financiar os gastos de manutención no país de destino, que será achegada polo Concello da Coruña. A súa contía será de 1.500,00 €, coa retención tributaria que corresponda.

Ademais, entre o Concello da Coruña e o SEPIE, fináncianse os gastos de desprazamento dende A Coruña ata o país de destino; o aloxamento no país de destino; e un seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.

El crédito total consignado para esta convocatoria es de 50.448,26€.

- De las que 19.250,00€ son aportadas por el Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), en concepto de subvención para 11 mobilidades del proxecto nº 2023-1-ES01-KA131-HED-000121165, correspondente a la Convocatoria de Propuestas 2023 — EAC/A10/2022 Programa Erasmus+ (2022/C 444/07) DOUE de 23.11.2022: 14.850,00 € para apoyo individual y viaje, y 4.400,00€ para apoyo a la organización.
- La aportación municipal es de 31.198,26€, de las que se destinarán 16.500,00€ en concepto de beca para las 11 personas seleccionadas en el dicho programa, con una cuantía de 1.500,00 € por persona beneficiaria (con la retención tributaria que corresponda) destinadas a financiar los gastos de mantenimiento en el país de destino.



4. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

4.1. A selección das persoas participantes por parte do Concello realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

4.2. O procedemento para a selección das persoas participantes iniciarase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello, que se publicará na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Será a través da citada páxina web onde o Servizo Municipal de Educación realizará as comunicacións aos participantes, sendo responsabilidade destes a súa consulta para obter a información relativa a: listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

5. REQUISITOS

Poderán solicitar a participación neste programa e ser beneficiarios/as destas axudas os/as titulados superiores de FP que cumpran cos seguintes requisitos:

5.1. Ter obtido a titulación de técnico/a superior nalgún dos ciclos formativos de grao superior ou curso de especialización nalgún dos centros educativos do Concello da Coruña asociados ao programa:

- CIFP Ánxel Casal
- CIFP Imaxe e Son
- CIFP Paseo das Pontes
- CIFP Someso
- IES A Sardiñeira
- IES Eusebio da Guarda
- IES Fernando Wirtz
- IES Ramón Menéndez Pidal
- IES Urbano Lugo

5.2. Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP e ter superada a Formación en Centros de Traballo (FCT) ou os estudos de cursos de especialización oficiais, entre decembro de 2023 e ata xuño de 2024, é dicir, no último ano anterior ás prácticas de traballo obxecto destas bases.

Non poderán participar as persoas tituladas en FP na modalidade Dual, porque nesta modalidade xa se realizan prácticas de traballo remuneradas en empresas.

No caso dos titulados en xuño de 2024, a súa participación quedará supeditada á xustificación de ter rematado o ciclo e superada a FCT ou rematado o curso de especialización.

5.3. Estar en situación de desemprego ou ter escasa ou nula experiencia profesional na titulación de FP cursada dende a obtención da titulación.

5.4. Estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello da Coruña.

5.5. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter subvencións, recollidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito será comprobado só no caso de resultar adjudicatario/a da axuda, podendo dar lugar a que unha persoa inicialmente proposta como beneficiaria pase a quedar excluída por non cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A valoración das solicitudes realizarase sobre a base da documentación facilitada polas persoas solicitantes e da engadida ao expediente a resultados da consulta de datos entre administracións. O concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación que estime precisa para o resultado do proceso.

Os criterios de valoración aplicables serán os seguintes:

6.1. A cualificación media final no ciclo formativo, sen ter en conta a cualificación do Proxecto do ciclo, ou do curso de especialización, nun valor igual á nota acadada, **ata 10 puntos**.

6.2. A cualificación do/s idioma/s estranxeiro/s, de acordo ao nivel de lingua estranxeira adquirido no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (en diante, MCERL), **ata 12 puntos máximo**, e de acordo a seguinte táboa:

Inglés:

- Nivel A2 do MCERL ou título de bacharelato ou certificación equivalente.... 2,50 puntos
- Nivel B1 do MCERL ou certificación equivalente..... 5,00 puntos
- Nivel B2 do MCERL ou certificación equivalente.....7,50 puntos
- Nivel C1 ou MEDIO do MCERL ou certificación equivalente..... 10,00 puntos

Outro idioma europeo dos países de destino (italiano, portugués, alemán, checo ou polaco):

- Nivel A2 do MCERL ou equivalente..... 1,00 puntos
- Nivel B1 do MCERL ou certificación equivalente..... 2,00 puntos

6.3. A valoración do informe da titoría do centro onde a persoa solicitante realizase os seus estudos, **ata 5 puntos**.

No que se valorarán, de 0,10 a 5 puntos e calcularase a media, dos seguintes aspectos: Motivación. Responsabilidade. Capacidade de iniciativa. Innovación e creatividade. Puntualidade. Potencial para desenvolver con éxito a súa vida laboral. Sociabilidade. Capacidade de adaptación. Capacidade de resolución de problemas. Madureza persoal.

Se neste criterio non se obtén un mínimo de 2,00 puntos, a persoa solicitante será excluída do proceso de selección.

6.4. No caso de empate na puntuación obtida por unha praza, a comisión de Valoración aplicará, con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores. É dicir, a praza outorgaráselle en primeiro lugar á persoa participante con máis puntos no criterio 6.1. Se continuase o empate, no criterio 6.2. e, sucesivamente, no criterio 6.3. Se aínda así non se resolvese o empate, decidirase por sorteo.

6.5. Unicamente valoraranse por parte da comisión os documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen.



PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

7. INSCRICIÓN

7.1. As persoas interesadas en participar no programa deberán inscribirse en liña na páxina web municipal www.coruna.gal/educacion, a través da ficha específica BOLSAS ACOREUROPA XII, indicando os destinos para os que solicita a súa participación, ordenados por preferencia.

Logo de realizar a inscrición en liña, o sistema elabora un xustificante de confirmación que se envía ao correo electrónico facilitado na solicitude. Este xustificante ten un número de asignación (ID), que será o de referencia de cada expediente no proceso.

O xustificante de confirmación da inscrición en liña é só un trámite previo necesario para poder formular validamente a solicitude da axuda propiamente dita e non ten en ningún caso a consideración de solicitude da axuda.

7.2. A solicitude da axuda debidamente asinada pola persoa solicitante, a documentación complementaria do expediente e o xustificante de confirmación da inscrición en liña, deberán presentarse no rexistros municipais, ou no rexistro electrónico <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter#I322>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), tal como se detalla no apartado 8.1 destas bases.

Só se considerará validamente formulada a solicitude da axuda coa presentación da documentación relacionada no parágrafo anterior nos rexistros municipais, ou no rexistro electrónico <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter#I322>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

7.3. A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion), sendo responsabilidade das persoas participantes a consulta periódica da mesma para obter a información relativa a listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

7.4. **O prazo de inscrición e presentación da documentación** é de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte de publicación no BOP destas bases.

8. ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

8.1. A solicitude da axuda deberase presentar presencialmente nalgún dos rexistros do Concello da Coruña, ou no rexistro electrónico <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter#I322>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), dentro do prazo sinalado no punto 7.4. desta convocatoria, debendo achegar a seguinte **documentación** con carácter preceptivo:

- a) Unha instancia xeral de solicitude na que se solicite a participación no programa municipal, que deberá estar encabezada pola persoa solicitante e dirixida ao Servizo Municipal de Educación.



Concello da Coruña

- b) Xustificante da ficha de solicitude que se cubriu en liña (trátase do documento en PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición) e no que se acepta a participación no programa e as bases que o regulan. Este documento debe de estar asinado pola persoa solicitante.
- c) Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte.
- d) Se for o caso, certificación/s do/s título/s oficiais de idioma/s acadado/s.
- e) Se for o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego.

8.2. **Os centros educativos** presentarán, por cada solicitante que estudase no seu centro, a seguinte documentación:

- Certificado do expediente académico
- Informe da titoría do ciclo formativo ou da dirección do centro docente

8.3. Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento a aclaración da documentación presentada. Será causa de exclusión do procedemento non acreditar debidamente o cumprimento dos requisitos que permiten a participación no mesmo.

8.4. Logo de rematar o proceso de selección, as persoas seleccionadas terán que presentar, ademais, a seguinte documentación, no prazo que estipule o SME:

- a) Fotografía recente tamaño carné.
- b) Curriculum europeo (Europass), en inglés.
- c) Application form, en inglés.
- d) Carta de motivación, en inglés.
- e) Se for o caso, Certificado Covid da Unión Europea de vacinación.

9. COMPROBACIÓN DE DATOS E EMENDA DE ERROS

9.1 Logo de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Educación, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos, así como a presentación da documentación de carácter preceptiva establecida na convocatoria.

9.2. Logo de completar a comprobación das solicitudes recibidas, faranse públicas dúas listaxes, a de persoas admitidas e a de persoas excluídas que precisan da emenda, no relativo aos requisitos recollidos na cláusula 5 destas bases, facendo constar as causas de exclusión.

9.3. Logo de publicarse estas listaxes, abrirase un prazo de 5 días hábiles, contado a partir do día da súa publicación no portal de Educación do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/educacion>, para que se emende a falta ou se acheguen os documentos requiridos. De non facelo, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa petición, dando lugar á súa exclusión da convocatoria.



10. COMISIÓN DE VALORACIÓN

10.1. A valoración das solicitudes presentadas e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha comisión de valoración.

10.2. A comisión de valoración estará composta por:

- Un representante da Concillería de Educación, nomeado para tal fin, que presidirá a comisión.
- Dous técnicos/as de Educación, un dos cales exercerá de secretario/a.
- As direccións ou persoas que as representen dos centros educativos asociados ao Consorcio que o desexen.

10.3. Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

10.4. Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha acta, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicación das **listaxes provisionais** das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que, aínda cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan a praza por insuficiencia de prazas, as cales pasarán a engrosar a "listaxe de agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas, con expresión da súa causa de desestimación ou exclusión. Estas listaxes provisionais non crean dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza.

Logo da publicación das listaxes provisionais no portal de Educación do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/educacion> abrirase un prazo de 10 días hábiles, para que se poidan realizar alegacións ao respecto das puntuacións asignadas, sobre a base da documentación que obre no expediente, sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a emenda de documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento, nin achegar nova documentación que non obrase xa no expediente.

10.5. Logo de examinar as alegacións presentadas, a comisión de valoración realizará un informe final, que se elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

10.6. Publicaranse as **listaxes definitivas** derivadas da proposta de resolución definitiva do órgano instrutor nos medios indicados no punto 10.8. destas bases. As listaxes comprenderán:

- a) As persoas seleccionadas (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando o posible país de destino.

As persoas seleccionadas terán prioridade para optar ao país de destino solicitado para as súas prácticas formativas, de acordo coa orde de adxudicación definitiva. Non obstante, o destino final sempre estará supeditado á existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico, e á súa capacitación lingüística no idioma de destino. No caso de que non sexa posible asignar a praza solicitada pola persoa seleccionada, o SME procurará asignar unha que se axuste o máximo posible ás preferencias e ao perfil desta persoa e respectando, a ser posible, a orde preferencia de destinos solicitada na súa ficha de inscrición.

- b) As persoas que, cumprindo os requisitos, non acaden o número de orde que lles permita participar no programa, por exceder do número de prazas, pasarán á listaxe de agarda.

- c) As persoas que non cumpran os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.



10.7. A firmeza desta proposta quedará condicionada:

- A que estean formalizados os contratos coas empresas intermediarias nos países de destino que garantan a viabilidade do programa;
- Á existencia de empresas de prácticas axeitadas á titulación de cada persoa participante nos países de destino; e
- De ser o caso, á evolución da situación epidemiolóxica de posibles pandemias (Covid-19 ou similar) ou outras incidencias con efectos similares, tanto no país de residencia como no país de recepción, no caso de que existan restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa.

10.8. A publicación das listaxes e comunicacións relativas a este programa realizaranse a través da páxina web www.coruna.gal/educacion. A dita publicación produce os efectos dunha notificación, polo que non se realizarán comunicacións individuais.

11. ACEPTACIÓN E RENUNCIAS

11.1. Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun **prazo de 5 días hábiles para a súa aceptación**, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias ás que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase achegar unha copia escaneada dela (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.gal) dentro do dito prazo.

11.2. Se transcorre o dito prazo sen presentar a comunicación expresa da aceptación, producirase a perda do dereito á participación no programa e á axuda correspondente.

11.3. As persoas solicitantes incluídas na listaxe de agarda substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel.

11.4. No caso de que se produzan sucesivas baixas entre as persoas seleccionadas e que se esgote a listaxe de agarda, procederase a realizar unha nova convocatoria con redución de prazos.

As persoas candidatas desta nova convocatoria deberán presentar a mesma documentación que se prescribe na cláusula 8 destas bases no novo prazo que o Servizo Municipal de Educación estipule; e serán seleccionadas cos mesmos criterios, segundo o disposto na cláusula 6 destas bases pola comisión de valoración.

12. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA BOLSA

As persoas beneficiarias da bolsa estarán obrigadas a:

- a) ter o documento de identidade (DNI, NIF ou pasaporte), con vixencia durante o período das prácticas.
- b) a participaren en cantas xuntanzas sexan convocadas polo SME;
- c) a presentaren toda a documentación que lle solicite o SME, en forma e prazo;
- d) a realizaren a proba inicial, o curso de preparación lingüística no idioma do país de destino e a proba final, a través da plataforma OLS;



Concello da Coruña

- e) a manteren unha canle de comunicación fluída co SME;
- f) unha vez no país de destino, a comportarse dunha maneira correcta, con total respecto aos costumes e modo de vida das persoas que habitan no país de destino;
- g) a asistiren regularmente ás prácticas no centro de traballo;
- h) a manteren unha actitude proactiva de cara á consecución dos obxectivos do programa;
- i) a reembolsaren a bolsa total ou parcialmente se non presentan o informe final en liña.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo da oportuna resolución motivada emitida polo órgano competente.

13. BAIXA DO PROGRAMA E ABANDONO DURANTE A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

13.1. As persoas que fosen seleccionadas para participar no programa e desexen causar baixa, deberán presentar un escrito de **renuncia** no prazo indicado na cláusula 11.1.

No caso de que a renuncia se presente en data anterior á estadía no país de destino, pero que non sexa posible cubrir a baixa cunha persoa en listaxe de agarda, poderá dar lugar á esixencia de reintegro da bolsa (de terse aboado) e de todos os gastos xerados ata ese momento.

13.2. **Unha vez comezada a estadía no país de destino**, as persoas seleccionadas non poderán causar baixa o programa sen causa xustificada e sen ter obtido a autorización da empresa e da organización intermediaria no país de destino, do Concello da Coruña e do SEPIE.

- a) Nos casos de que unha persoa participante decidise pola súa libre iniciativa **abandonar** o programa antes da súa finalización e sen autorización ou de que o Concello acordase a súa **expulsión por incumprimento das obrigas** establecidas nestas bases, o Concello poderá esixir a devolución dos gastos incorridos desde que se lle concedera a bolsa, así como a parte proporcional das axudas outorgadas polo SEPIE e polo Concello.
- b) **A baixa anticipada por causa xustificada de forza maior**, cando existan razóns xustificadas e sobrevidas (enfermidade grave, accidente...), non será considerado abandono, sendo preceptiva a autorización do Concello da Coruña e do SEPIE. Neste caso, deberá reembolsar a parte proporcional das axudas outorgadas polo SEPIE, tal como recolle o convenio que o Concello ten asinado co dito organismo.
En ningún caso se considerará causa xustificada a obtención dunha bolsa de estudos ofertada por outra Administración ou entidade.

En ambos casos, o custe íntegro da viaxe de regreso será da responsabilidade da persoa participante. Porén, a contratista da xestión do programa deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante esta viaxe.

13.3. O Concello poderá **acordar a expulsión por incumprimento das obrigas establecidas** nestas bases, entre elas:

- a) A falsidade da documentación ou condicións requiridas para a concesión da bolsa ou a ocultación daquelas que tivesen impedido esta concesión, sen prexuízo das responsabilidades legais nas que se puideran incurrir.
- b) A incompatibilidade ou inadaptación para permanecer no programa.



Concello da Coruña

- c) A falta de comunicación de calquera circunstancia que perturbe a estancia das persoas participantes en cada país de destino.
- d) As ausencias inxustificadas do lugar de traballo poden supoñer a expulsión da empresa e do programa.
- e) A expulsión do aloxamento por comportamento inadecuado.
- f) Calquera tipo de comportamento antisocial, incluíndo o abuso de alcohol ou drogas.
- g) Se non compren as condicións do convenio de subvención (salvo que non completasen as actividades previstas no estranxeiro por unha causa de forza maior).
- h) A aceptación por parte do Servizo Municipal de Educación da proposta razoada de baixa cursada pola empresa contratada polo Concello que presta o servizo de xestión do programa e polas empresas intermediarias nos países de destino.

13.4. As baixas e expulsións no programa acordaranse por resolución do órgano municipal competente e notificaránselle á persoa interesada de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e poderán incluír a obriga de reintegro dos gastos ocasionados no programa pola persoa participante.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

14.1. Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o "Programa municipal de BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA XII".

14.2. O Concello da Coruña ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da normativa europea sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

14.3. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello da Coruña no ámbito da educación, de conformidade coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

14.4. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición, a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

14.5. Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria da xestión do programa municipal de BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA XII, que asume expresamente as responsabilidades que, como encargada do tratamento deses datos, lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

14.6. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade.



15. CONDICIÓNS DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

15.1. A concesión definitiva da bolsa quedará condicionada:

- ✓ Á adxudicación e formalización dos contratos de xestión coas empresas intermediarias nos países de destino.
- ✓ Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección das persoas seleccionadas, a súa suspensión.
- ✓ Ao cumprimento dos requisitos esixidos por cada país de destino para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de idiomas, cualificación profesional,...) das persoas seleccionadas.
- ✓ Á existencia de aloxamento e empresas de prácticas axeitadas á titulación de cada persoa participante nos países de destino.

15.2. O Concello resérvase o dereito a revogar ou deixar sen efecto a resolución a resolución da convocatoria ou, se é o caso, a da adxudicación, no caso de que se dea algunha das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

15.3. A adquisición de dereitos polo beneficiario/a da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que dea lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.

15.4. A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria e das condicións establecidas polo concello, o SEPIE e as normas dos programas Erasmus+ para a participación neste programa de intercambio.

16. RECURSOS

Fronte a estas bases e ás resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, un recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.